

OS COTOS

MARZO
2023



A "VELLA CORESMA"



Estamos vivindo o tempo de coresma, e a nosa andaina como cristiáns está a realizarse coa vivencia de cinco semanas coa compañía desta dona Coresma. Ela está a indicarnos os pasos que temos que dar para poder chegar a vivir con Xesús a súa Pascua, porque hai cousas que sobran, e cada semana, da man de Xesús, estamos descubrindo o que necesitamos arrincar da nosa vida.

Arrincando cada unha das pernas que sobra estamos a atopar tamén un pequeno remendo que nos axuda a facelo mellor para chegar a Pascua. Vivímolos cada domingo.



204 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá


"Un contiño para vivir"**"DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER"**

A celebración das Nacións Unidas do Día internacional da Muller recoñece e homenaxea ás mulleres e ás nenas e ás organizacións de mulleres e feministas que están loitando polo avance da tecnoloxía transformadora e polo acceso á educación dixital.



O Día Internacional da Muller de 2023 explorará os efectos da brecha dixital de xénero no crecemento das desigualdades sociais e económicas. Tamén poñerá de releve a importancia de protexer os dereitos das mulleres e as nenas nos espazos dixitais e de abordar a

violencia de xénero en liña e a facilitada polas novas tecnoloxías da comunicación.

Atopa as doce cousiñas

**SANTO
PARA O
MES
en marzo,
día 8,**

Día Internacional da Muller

CONSELLO **fé**

*“Non se vive sen a fe.
A fe é o coñecemento do
significado da vida humana.
A fe é a forza da vida.
Se o home vive
é porque cree en algo.”
Leon Tolstoi (escritor ruso)*



Coñecer as celebracións de primavera



Equinocio é cando o sol se atopa sobre a liña do ecuador, polo que o día e a noite en ambos hemisferios teñen exactamente a mesma duración.

O 20 de marzo ten lugar o equinocio que marca o inicio da primavera no hemisferio norte, é un momento cunha gran carga espiritual que se concreta en celebracións e rituais diferentes.

Holi

O hinduísmo, celebra o festival das cores ou da primavera, que conmemora o amor, a diversión e a solidariedade. As cerimonias realízanse segundo o calendario hindú entre o 28 e 29 de marzo. Durante a véspera "Holika Dahan" acéndense fogueiras para simbolizar o enfrontamento do ben e o mal, o vencemento do amor. Á mañá seguinte comeza a festa Holi, onde lanzan pos de cores e auga coloreada tratando de emular as alegres cores das flores que nacerán durante a estación vindeira.



Ovos de Pascua

O ovo é un símbolo que representa o inicio da vida e a fertilidade. O ovo adquiriu importancia dentro da mitoloxía exipcia, coa referencia do ave Fénix. As festas anglosaxonas precristiáns consideraban que o coello era o símbolo da fertilidade e estaba asociado á deusa Easter. Na idade media, cando chegaba a Pascua os ovos eran de galiña ou de pato, pintábanse de cores e considerábanse obxectos moi prezados. Co paso do tempo en países europeos comezaron a facerse de chocolate cun agasallo dentro.



O Papa: Terremoto en Siria e Turquía

"Sigamos estando preto, coa oración e o apoio concreto, das vítimas do terremoto. Doámonos con estes pobos que sofren. Oremos por eles e pensemos que podemos facer."

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MARZO

DÍA 5	LECTURA	Xen 12, 1-4	Farei de ti un pobo grande
	EVANXEO	Mt 17, 1-9	Transfigurouse diante dos apóstolos
DÍA 12	LECTURA	Rm 5, 1-2. 5-8	Deus demostrounos o seu amor en Cristo
	EVANXEO	Xn 4, 5-42 (breve)	Eu dareivos auga viva
DÍA 19	LECTURA	Ef 5, 8-14	Antes erades tebras, agora sodes luz
	EVANXEO	Xn 9, 1-38 (breve)	Antes era cego, agora vexo
DÍA 26	LECTURA	Ez 37, 12-14	Vou poñer o meu espírito de vida en vós
	EVANXEO	Xn 11, 1-45 (breve)	Eu son Resurrección e Vida